



| Teaching Guide | | | | |
|---------------------|---|--------|---------------------------------|---------|
| Identifying Data | | | | 2021/22 |
| Subject (*) | Clinical Placement V | Code | 750G01029 | |
| Study programme | Grao en Enfermaría | | | |
| Descriptors | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits |
| Graduate | 1st four-month period | Fourth | Obligatory | 6 |
| Language | Galician | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | |
| Prerequisites | | | | |
| Department | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinador | Pérez Castro, Teresa Rosalía | E-mail | t.perez@udc.es | |
| Lecturers | Gago García, Esther Pérez Castro, Teresa Rosalía | E-mail | e.gago@udc.es t.perez@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| General description | <p>Materia de práctica clínica de intervención integradora, supervisada por profesionais enfermeiros e por profesores da Universidade situados nos recursos sanitarios seleccionados como contornas clínicas de aprendizaxe práctica de nivel intermedio. O seu obxectivo fundamental, é permitir a incorporación por parte do alumno dos valores profesionais, razoamento clínico, xestión clínica e o xuízo crítico.</p> <p>Estas estancias teñen a finalidade de que o alumno poida integrar os coñecementos teóricos e habilidades adquiridas que lle permitan entender, comprender, diagnosticar, deseñar un plan de coidados e desenvolvelo tendo en conta a situación de saúde da persoa. Tamén desenvolver habilidades de comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos.</p> | | | |
| Contingency plan | <ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy | | | |

| Study programme competences | |
|-----------------------------|---|
| Code | Study programme competences |
| A62 | Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |



| | |
|-----|--|
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros. |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C10 | CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C12 | CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |

| Learning outcomes | | | |
|--|-----------------------------|--|-------------------------------------|
| Learning outcomes | Study programme competences | | |
| Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario. | A62 | B1 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B14 B22 B24 | C1 C3 C7 C10 C11 C12 |



| | | | |
|---|-----|---|---|
| Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos. | A62 | B1 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 | C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 |
| Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. | A62 | B1 B3 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B22 | C1 C3 C7 C10 C11 C12 |
| Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade. | A62 | B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B20 | C3 C7 C10 |



| | | | |
|---|-----|---|-------------------------------------|
| Actuar segundo os principios éticos e legáis que guían a profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias. | A62 | B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B20 B22 B24 | C3 C4 C7 C10 C11 C12 |
|---|-----|---|-------------------------------------|

| Contents | |
|--|---|
| Topic | Sub-topic |
| Prácticas clínicas tuteladas realizadas en unidades hospitalarias de atención ás persoas adultas en situación crítica. | <p>Presentación e discusión dun caso como base para mostrar o traballo e aprendizaxe enfermeiro. É o estudo da particularidade e da complexidade dun caso singular, para chegar a comprender a súa actividade en circunstancias concretas.</p> <p>A técnica de estudo de casos, consiste en proporcionar unha serie de casos que representen situacións diversas da práctica clínica para que se estuden e analicen. Desta maneira, preténdese adestrar aos alumnos na xeración de solucións.</p> |

| Planning | | | | |
|-----------------------------|--|----------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies | Ordinary class hours | Student?s personal work hours | Total hours |
| Case study | B1 B3 B7 B8 B11 B13 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | 0 | 21 | 21 |
| Clinical practice placement | A62 B5 B6 B9 B10 B12 B14 B15 B16 B20 C4 | 120 | 8 | 128 |
| Personalized attention | | 1 | 0 | 1 |

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies | |
|-----------------------------|---|
| Methodologies | Description |
| Case study | Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Clinical practice placement | O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma. |



Personalized attention

| Methodologies | Description |
|---|--|
| Clinical practice placement Case study | <p>A atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos, guiandolos a través da aprendizaxe. Isto permite facer un seguimento do proceso de maduración das competencias.</p> <p>Esta atención farase telemáticamente a través de Moodle ou Teams</p> <p>MECANISMOS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA Ó ALUMNADO</p> <p>? MOODLE para resolución de dudas a través do correo ou do Foro de dudas. Frecuencia: según demanda</p> <p>? TEAMS para tutorías virtuais, mantendo os mesmos horarios que estaban marcados para as tutorías presenciais, ou en caso de ser necesario, adaptando os horarios para facilitar as reunións.</p> |

Assessment

| Methodologies | Competencies | Description | Qualification |
|-----------------------------|---|---|---------------|
| Clinical practice placement | A62 B5 B6 B9 B10 B12 B14 B15 B16 B20 C4 | <p>A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a Facultade. Como resultado do rotatorio práctico, xerarase un informe final, que será elaborado polos profesionais da unidade na que o alumno realiza a súa estancia. Este informe será finalmente revisado e valorado polos docentes da materia. Na elaboración do informe, teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do alumno.</p> <p>No caso de confinamento por covid ou contacto estreito covid, pospondrase as súas prácticas presenciais ata a súa incorporación.</p> <p>Realizarase unha tutoría personalizada obrigatoria de forma telemática a través de Teams para a comunicación do informe de prácticas. O número máximo de faltas posibles será de 2 xornadas. Estas serán debidamente xustificadas e recuperadas nas datas establecidas.</p> <p>O alumno dispondrá dun documento de firmas que terá que cumprimentar a diario xunto co nome do profesional de Enfermería co que estivera nesa xornada.</p> | 75 |



| | | | |
|------------|--|---|----|
| Case study | B1 B3 B7 B8 B11 B13 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | <p>A súa realización e obligatoria. Entregaranse a través de Moodle</p> <p>Estrutura dun caso clínico:</p> <p>Titulo: Debe ser claro e linguaxe sinxela.</p> <p>Introdución: O obxectivo é motivar. É desexable destacar a súa importancia en base á súa prevalencia, gravidade, dificultade para o seu recoñecemento, forma de presentación etc..</p> <p>Exposición do caso: Consiste na descrición da anamnesis, a exploración realizada e a avaliación clínica do paciente. Débese respectar a confidencialidade do paciente. Se o caso requireo pódense incluír imaxes, genogramas, diagramas ou algoritmos.</p> <p>Discusión: Nela salientase por que o caso é relevante. Explícase o interese científico do caso clínico.</p> <p>Conclusión: Inclúense os comentarios de a solución do caso apuntando as súas particularidades científicas, a súa novidade ou como se manexo a incerteza. Serve para clarificar aspectos discutibles e destacar a mensaxe que debe quedar da súa lectura. Pola súa finalidade educativa debemos ter un ensino que se proxecte no futuro por medio de recomendacións para o manexo de paciente ou as liñas de investigación que poderían orixinarse á mantenta do caso.</p> <p>Reseña bibliográfica: Revisión actualizada da bibliografía existente na que se basea o caso.</p> <p>Farase unha exposición conxunta entre todos os integrantes dos grupos en cada rotatorio ó finaliza-lo mesmo co soporte audiovisual que os alumnos consideren oportuno. Esta exposición será presencial ou a través de videoconferencia mediante Teams (no caso de que o alumno se encontre confinado por covid ou contacto estreito). Esta exposición terá unha duración de entre 6 e 8 minutos máximo.</p> | 25 |
|------------|--|---|----|

Assessment comments



Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas V e ter superadas as Estancias Clínica I e II e III tal e como consta na memoria do Título de Grao. Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente xustificadas deberán recuperarse, sempre que non excedan o 50% das planificadas. As ausencias non xustificadas poden supor o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizácese no período establecido polo profesor antes do peche de actas. Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínicas e Estudo de Casos) cunha puntuación ≥ 5 puntos. A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO na acta. A cualificación numérica obtense establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 75% e Estudo de casos 25%) en cada unha das partes. Según consta nas Normas de Avaliación, Revisión e Reclamación das cualificacións dos Estudos de Grao e Postgrao Universitario da UDC, no artigo 18.5 "en las asignaturas que por su naturaleza se evalúan exclusivamente a través de actividades no recuperables, como puede ser el caso de pasantías en empresas, prácticas o pasantías clínicas, el los estudiantes solo podrán usar la segunda oportunidad para recuperar otras actividades como el informe final o informes?". Dito artigo ven a señalar que o suspenso na parte de Prácticas Clínicas NON terá posibilidade de 2ª oportunidade. Só haberá 2ª oportunidade no caso de suspenso no Estudo de Casos. En ese caso, o alumno tendrá que presentar na data prevista a través de Moodle a tarefa, e defendela na data sinalada a través de Teams . A nota máxima neste caso no Estudo de Casos será de 5 puntos. O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9 Suspenso. 5-6.9 Aprobado. 7-8.9 Notable. 9-10 Sobresaliente. 9-10 Matrícula de Honra (graciable). O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente. Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán ao redor de dita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Estudo de caso) son a asistencia, compromiso individual, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica, no estudo de casos e as competencias adquiridas para esta materia. As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o alumno obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega no estudio de caso e nas prácticas fose significativa. As probas superadas na oportunidade de febreiro, conservaranse para a oportunidade de xullo.

Sources of information



| | |
|-----------------------------|--|
| <p>Basic</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Tirado G., et al. (2011). Cómo escribir un caso clínico en enfermería utilizando taxonomía NANDA, NOC, NIC.. Index de Enfermería - Corona L, Fonseca M. (2009). El método clínico como método de enseñanza en la carrera de medicina.. Medisur - Bulechek, G., Et al. (2014). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). (6ª ed). Barcelona: Elsevier - NANDA Internacional (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier - Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña (2008). Manual de Procedimientos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña. Fistera http://www.fistera.com/ - NANDA Internacional (2015). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2015-2017. . Madrid: Elsevier - Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) 5ª ed.. Barcelona: Elsevier - Soto F. (2017). Manual de Ventilación Mecánica para Enfermería. Panamericana - A.Ochagavía, F.Baigorria, J.Mesquida, J.M.Ayuelab, A.Ferrándizc, X.García, M.I.Monged, L.Mateuc, C.Saba (2014). Monitorización hemodinámica en el paciente crítico.Recomendaciones del Grupo de Trabajo de Cuidados Intensivos Cardiológicos y RCP de la Sociedad Española de Medicina Intensiva, Crítica y Unidades Cor. Elsevier 1.- Tirado Pedregosa, G., Hueso Montoro, C., Cuevas Fernández-Gallego, M., Montoya Juárez, R., Bonill de las Nieves, C., & Schmidt Río-Del Valle, J. (2011). Cómo escribir un caso clínico en Enfermería utilizando Taxonomía NANDA, NOC, NIC. Index de Enfermería, 20 (1-2), 111-115. 2.- Corona Martínez, L., & Fonseca Hernández, M. (2009). El método clínico como método de enseñanza en la carrera de medicina. Medisur, 7(6), 23-25. |
| <p>Complementary</p> | |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Clinical Placement I/750G01025
 Clinical Placement II/750G01026
 Clinical Placement III/750G01027

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Clinical Placement IV/750G01028
 Clinical Placement VI/750G01030
 Clinical Placement VII/750G01031

Subjects that continue the syllabus

Practicum/750G01032

Other comments



ADAPTACIÓN DE PRESENCIALIDAD A LA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓGICA: Todas las actividades presenciales se realizarán con asientos preasignados, con mascarilla, ventilación, no permitiendo el consumo de alimentos y bebidas y asegurando que se cumplan las medidas de prevención e higiene del centro establecidas y publicadas en: <https://udc.es/es/fep/coronavirus/>. Recomendase ao alumnado desta materia unha lectura profunda da normativa de Estancias Clínicas da Facultade. Esta será colgada no moodle da materia. A asistencia ás prácticas clínicas comprobarase mediante unha folla de firmas que se entregará ao principio das mesmas e que terá que ser asinada polo titor clínico que teña ese día (xunto co seu nome). Non se contemplan faltas non xustificadas. As xustificadas (ausencias) comunicaranse formalmente ao titor clínico e ao docente da materia. Os cambios de quenda han de ser comunicados previamente ao docente e aceptados por este tras a aceptación polo titor clínico. Estes deben gardar un equilibrio no número de horas programadas en horario de mañá e tarde. O horario debe cumprirse na súa totalidade. Contémplase un descanso de 30 minutos por quenda. A asistencia a xornadas e congresos durante as prácticas este debe estar relacionado directamente coa materia, ser de carácter oficial, ser aprobado polo titor clínico e polo docente da materia previamente. A recuperación de días en mañás de sábado dependerá da propia unidade de rotación e as súas características e da aprobación do titor clínico.

Non se contemplan recuperacións dobrando quenda.

Non se permite o uso de móbiles salvo en horario de descanso. Esta materia ten en conta as recomendacións de **SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO**: - A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. - Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. - Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado. - Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. - Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. - Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio. **PLAGIO:** En la realización de los trabajos de la materia, el plagio y la utilización de material no original, incluido aquel obtenido a través de la internet, sin indicación expresa de su origen y, si es el caso, el permiso de su autor/a, será calificado con suspenso (0,0) en la actividad. Todo eso sin perjuicio de las responsabilidades disciplinarias a las que pudiera haber lugar tras el correspondiente procedimiento.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.